

Fotogramas de gris infinito

Narrativa galega Prosa cutter que trepana na brutalidade da súa concisión

Vidas post-it · Iolanda Zúñiga · Xerais, 2007 · 136 páx · 12,50 euros



Coma unha pancada no medio e medio do estómago. Un tráiler narrativo que pasa por derriba de ti sen deixarche tempo apenas para a derradeira mirada comprensiva. Así son e así se deixan sentir as *Vidas post-it* de Iolanda Zúñiga, viguesa que se estrea con este libro de minirrelatos no zoco literario de noso.

Os de Zúñiga son contares ganduxados polo musical nos rótulos, tal harmónica cacofonía e paradoxo continuo de flashes. Historias descritas, irónicas, corrosivamente ácidas cunha sociedade aburguesada, bempensante, estupidizada no opio da convención e o que dirán. Ora, tamén hai aquí lóstregos de indecisión vital, burlateiras

navalladas contra a automarxinación por moda, contra a incoherencia dos antisistema de boca para fóra e para de contar.

Preto de medio cento de relatos de estilo directo, prosa cutter que trepana na brutalidade da súa concisión, no esmagador de imaxes que evisceran calquera abrollo de delicadeza mexeriqueira. Un tren de curtametraxes nas que desfilan vagóns de desamor, rutina, desazo, tolemia, sarcasmo, obsesión, soidade, incompreensión, impotencia, traizón, ruína, vergoña, incomunicación, desolación e morte. Reverso escuro e escorpións desafiuizados. Fotogramas sepia de gris infinito.

Moito bo leva descuberto esta Colección Abismos de Edicións Xerais de Galicia, agora, por certo, renovada –e para ben mellor– no material. Incorporar á súa nómina estas *Vidas post-it* de Iolanda Zúñiga é acerto notorio que as lectoras e lectores con olfacto han agradecer.

// **Armando Requeixo**